

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO E REDACCIÓN DE PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE, DIRECCIÓN FACULTATIVA SUPERIOR E MEDIA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA REURBANIZACIÓN DA RÚA DE CLARA CAMPOAMOR.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece que:

“Artículo 22 Necesidad e idoneidad del contrato y eficiencia en la contratación

Los entes, organismos y entidades del sector público no podrán celebrar otros contratos que aquellos que sean necesarios para el cumplimiento y realización de sus fines institucionales. A tal efecto, la naturaleza y extensión de las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato proyectado, así como la idoneidad de su objeto y contenido para satisfacerlas, deben ser determinadas con precisión, dejando constancia de ello en la documentación preparatoria, antes de iniciar el procedimiento encaminado a su adjudicación.”

1.- SERVIZO OU DEPARTAMENTO QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN: Concellaría de Espazos Cidadáns, Dereito á vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais.

2.- OBXETO DO CONTRATO: Contrato de servizos para redacción de Proxecto de Execución e de Proxecto de Seguridade e Saúde de Reurbanización da Rúa de Clara Campoamor, e a Dirección Facultativa e a Coordinación de Seguridade e Saúde das obras..

3.- NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO:

A inmediata implantación da Estación Intermodal obriga á remodelación da rúa de Clara Campoamor para facilitar os accesos e saídas dos autobuses, desde e cara a todas direccións, e a acondicionar o seu entorno para integrala na trama urbana de relacións e de mobilidades.

A actividade ordinaria dos técnicos da Área imposibilita a asunción da elaboración do Proxecto e da Dirección durante a execución das obras, e polo tanto, considerase oportuno externalizar esta función por medio dunha asistencia técnica.

4.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA: Non se esixe

5. PARTIDA ORZAMENTARIA: Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven da contratación, con cargo á Partida 0301532160900 da aplicación orzamentaria que forma parte das actuacións incluídas na EDUSI de Santiago de Compostela cofinanciado pola Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

6. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN: O orzamento máximo de licitación, sen incluír o IVE que deberá soportar a Administración, fíxase en **100.000,00** euros.

O IVE correspondente (21% do orzamento base anterior) ascende a 21.000,00 euros.

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

7.- PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS: O contrato terá un prazo máximo de execución de **TRES meses**, a contar desde o día que se estipule no contrato.

9 - CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS:

9.1- CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS E PORCENTAXES (máximo 50 puntos)

OFERTA ECONÓMICA (0 a 50 puntos)

Para obter as puntuacións económicas das ofertas se lle asignara 50 puntos á mellor e ás restantes en función da seguinte fórmula:

$$PE = \frac{100 \times Bi}{Bm}$$

Onde:

PE= Puntuación económica da oferta.

Bi = Baixa da oferta.

Bm= Baixa da mellor oferta.

Entendendo por baixa dunha oferta, a diferenza entre o presuposto base de licitación e o presuposto da oferta correspondente, en tanto por cento. A puntuación económica redondearase ó segundo decimal.


9.1- CRITERIOS NON VALORABLES EN CIFRAS NIN PORCENTAXES (máximo 50 puntos)

PROPOSTA ESQUEMÁTICA DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA (0 a 50 puntos)

Para a realización da proposta esquemática, como finalmente para a redacción do proxecto executivo, o Concello pon a disposición dos licitadores a cartografía municipal que se pode descargar desde o Xeoportal de Santiago de Compostela, e facilita o Proxecto da Estación Intermodal en CD, para a súa inserción, tanto inicialmente na proposta esquemática, como finalmente, no proxecto de reurbanización que se realice. Os licitadores, á vista do proxecto de Estación Intermodal, poderán propor diferentes modos de acceso de peóns e autobuses ao recinto da estación, sempre que sexan compatibles cas manobras interiores, consubstanciais ao proxecto aprobado.

A valoración dos esquemas de integración na cidade, especialmente na mobilidade e na escena urbana; das propostas iniciais de ordenación en planta da funcionalidade viaria en xeral e de servizo á Estación Intermodal en particular; así como das preocupacións mostradas en relación á calidade espacial dos espazos de lecer e das seccións transversais esquemáticas propostas por cada licitador, que en conxunto han de expresar con claridade a proposta de ordenación a desenvolver posteriormente no proxecto obxecto do contrato, realizarase de acordo aos seguintes criterios:

a.- **INTEGRACIÓN URBANÍSTICA DA ORDENACIÓN** no contexto urbano actual e futuro. Máximo 10 puntos.



CONCELLO DE SANTIAGO

b.- FUNCIONALIDADE VIARIA E ESPACIAL en relación á integración dos usos e da mobilidade (rodada privada e en transporte público, peonil e ciclista, aparcamento e "park & ride", ...) xerada pola implantación da Estación Intermodal. Máximo 10 puntos.

c.- CALIDADE PAISAXÍSTICA en relación ao papel do viario como elemento integrador intermedio e interposto entre a Estación Intermodal cas súas plataformas de trens e autobuses, e o Parque das Brañas do Sar. Máximo 10 puntos.

d.- CALIDADE AMBIENTAL en relación á proposta de evacuación, integración e tratamento das augas pluviais; á recuperación ou reutilización do existente; á elección de materiais; e ao tratamento e calidade do arborado e do alumeadado público. Máximo 10 puntos.

e.- VIABILIDADE TÉCNICA E ECONÓMICA en relación ao aproveitamento e optimización da traza e dos elementos existentes e á avaliación dos custos de execución das obras de acondicionamento que se deriven dos esquemas de ordenación que se propoñen. Máximo 10 puntos.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2018

O Xefe do Servizo de Planeamento

Asdo.: Henrique Seoane Prado

Director área técnica de D.U.S.

Asdo.: Ignacio Cerrada Gonzalo

O Concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda,
Mobilidade e Relacións Veciñais

Asdo.: Jorge Duarte Vázquez

